

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DO PORRIÑO**

ANUNCIO de convocatoria para cubrir, en réxime de interinidade, tres prazas vacantes de auxiliar administrativo.

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 137, do 20 de xullo de 2020, publicouse o anuncio relativo ás bases reguladoras do proceso selectivo para cubrir, en réxime de interinidade, tres prazas vacantes de auxiliar administrativo, polo sistema de oposición libre.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Os sucesivos anuncios deste proceso selectivo, cando procedan, realizaranse na forma prevista nas propias bases.

O Porriño, 31 de xullo de 2020

Eva García de la Torre
Alcaldesa

